



NOTA DE PRENSA

O Concello de Boiro agradece ás agrupacións mexilloeiras a doazón de vianda para a mexilloada da terceira idade en San Ramón

Boiro, mércores día 1 de setembro de 2010. O Concello de Boiro, a través da Concellería de Servizos Sociais, quere agradecer a colaboración ás entidades mexilloeiras que, a través do cocedeiro Barrañamar, efectuaron a doazón de vianda para a mexilloada ofrecida onte ao colectivo da terceira idade na Romaría de San Ramón de Bealo. Ditas agrupacións bateiras aportaron 150 quilogramos de vianda.

Este agradecemento faise extensivo ao establecemento hostelero “*A Terraza de Chicolino*”, que se encargou de preparar o mexillón en dúas especialidades; en escabeche e á vinagreta. A Concelleira de Servizos Sociais, Natalia Laíño Lojo, sinalou que “os maiores alabaron tanto a calidade do molusco servido como a súa elaboración, mostrándose moi satisfeitos coa degustación organizada”.

Sáudos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro